

AS XULIANAS DE BUEU: UNHA SAGA DE SUBHASTADORAS DE PEIXE



Bueu a comezos do século XX. Foto: José María Massó

Despois de cinco lustros subhastando peixe e marisco procedente da flota de Bueu e Beluso, Luísa, a derradeira das *Xulianas*, xubilouse hai tres anos e, dende aquela, non voltou pola Lonxa.

Calquera que asistira hai ben pouco ás poxas, lembrará a imaxe de Luísa: a súa figura ergueita, de agradable presenza; a grande seguridade que amosaba nos cálculos mentais das operacións; o res-

pecto que provocaba a súa seriedade entre as compradoras de peixe, os asentadores e os mariñeiros.

Falamos* con Luísa Agulla Dopazo, a *Xuliana*, unha das poucas mulleres subhastadoras de peixe en todo o litoral galego e derradeira representante dunha saga feminina de vendedoras na Lonxa e na Praza de Bueu:

A: Luísa, ¿sabe doutras mulleres subhastadoras nas lonxas?

L: Fóra das mulleres da miña familia, só coñecín unha muller que subhastaba na Lonxa de Cangas hai xa uns dez anos.

A: ¿De onde ven o nome das Xulianas?

L: A miña bisavoa foi a primeira muller subhastadora na Lonxa de Bueu e chamábase Xuliana; cando ela o deixou herdou o seu traballo a miña avoa, Concepción, que tomou o nome de *A Xuliana* como logo a miña tía María, e despois eu, a derradeira despois de catro xeracións. Dende entón non pregunte en Bueu polos nosos apelidos, pois ninguén sabería encontrarnos, a non ser polas Xulianas.



Foto de casamento da avoa Concepción

* Entrevista realizada en Bueu por Lola Varela e Antón Pais.



A muller que está coa libreta na man é Luísa a "Xuliana". *La Voz de Galicia*. 1999

A: ¿Sempre traballou na Lonxa de Bueu?

L: Non, estiven indo a Cangas durante vinte anos polas mañás a vender peixe na Praza, pero un día a miña tía María, *A Xuliana*, rompeu unha perna e tiveron que ir substituíla. Ao comezo tiveron certo medo, pero axiña fíxense co traballo. Para isto tampouco vale calquera, hai que ter moito rostro.

A: E ademais, para subhastar, é preciso ter unha gran axilidade mental...¿Cal foi a súa formación?

L: Eu calculo mentalmente máis rápido que calquera persoa con lápiz e papel, pero a miña formación foi ben cativa. Fun á escola ata os doce anos e tiveron boas mestras, D^a. Amalia e D^a. Carmen; pero despois había unhas clases para xente adulta polas noites, e de novo fun á escola, desta volta con D^a. Pilar.

A: Na Lonxa, ¿como era o seu traballo?

L: Primeiro fun vendedora autónoma e cheguei a vender o peixe de vinte e catro barcos de baixura e de dous ou tres grandes; había tamén outros vendedores, Enrique e Fernando, que continuaba subhastando na Lonxa de Bueu e na de Marín. Como autónomos debíamos entregar o 2% das vendas ao Concello e a Obras do Porto; así foi ata que as Lonxas pasaron a pertencer ás Confrarías no ano 1986, e deixamos de ser autónomos.

Vendíamos de oito a dez polas mañás e de sete a dez pola noite, aínda que había épocas do ano en

que este horario variaba; por exemplo, cando era a época da ameixa podíamos vender ás cinco da tarde.

A: ¿E para onde ía o peixe que se subhastaba?

L: Para as fábricas, para as prazas, as cetáceas e para algúns particulares; pero, sobre todo, para as fábricas como a de Massó, Alonso ou Attilio e en épocas anteriores, no tempo da miña avoa, ía ademais para as fábricas da praia de Beluso, Abalo, A Roiba, ou para o salgazón na de Carballal. Todas elas xa desapareceron.

A: ¿E non había risco de engano cando se subhastaba o peixe?

L: Claro que si, xa que viña peixe de varios lances en cada barco e de diferente calidade, polo tanto; así que subhastabamos unha mostra, logo víamos o resto e, segundo as diferenzas, chegabamos a un acordo entre comprador e vendedor, para que ambas partes quedasen contentas.

A: Na época en que podían mercar os particulares, ¿non tiña medo de que alguén marchase sen pagar?

L: De cando en vez houbo algún pufo, pero poucas veces. Como no momento da subhasta non se collían os cartos, e ademais eu estaba liada cos cálculos e as anotacións dos vales, que logo pasaba á libreta..., pero sempre tiveron moita memoria para as caras. A persoa que subhasta está moi pendente do público, fíxeste moito na expresión, na mirada e nos xestos da xente.

A: ¿Que tipo de peixe e marisco subhastaba?

L: Había moita variedade, esta sempre foi unha Lonxa moi boa, pero sobre todo vieiras (cada barco podía traer vinte e cinco dúcias) e polbo; pola mañá, vendíamos o peixe da ardora (xouba, sardiña, xurelo, bucareu, calamar, choco...) e pola tarde o que entraba nas nasas (nécora, centola, santiaguíños, lumbrigante, polbo...), a vieira que entraba nos rastros, ou o que viña dos miños, da liña, do trasmallo, como o corvelo, badeixo, faneca, pescadilla, robaliza...



A: ¿E non pasaba moita friaxe na Lonxa, lugar aberto á beira do mar e sempre húmido?

L: Pois non, a pesar de andar todo o día por riba das caixas do peixe e do chan mollado, cando subhastaba nunca sentía frío; pero houbo unha vez unha compradora que pensaba que si o estaba pasando e debín darlle moita pena, porque ademais eu non era amiga de levar moita roupa, nin prendas pesadas que me impedisen a mobilidade, e apareceume un día cun chaquetón moi xeitoso para que me abrigase.

A: ¿Gustáballe o traballo?

L: Sentíame a gusto, por iso desde que me xubilei, bótoo de menos e non voltei pola Lonxa. Na miña familia sempre vivimos arredor do peixe, vendendo nas prazas, indo ao mar ou subhastando, así que o peirao, a Lonxa e a Praza son como a nosa segunda casa. A min gustábame máis ir vender o peixe ao posto da Praza que subhastar, pero cando comecei a ser outra das *Xulianas* comprendín que debía seguir e manter a tradición; agora entrístéceme pensar e saber que non hai outra *Xuliana* na Lonxa. O que si temos na familia son varias *Xianas* que manteñen o nome da bisvoa.

A: Luísa: ¿tivo algún tipo de problema na Lonxa polo feito de ser muller?

L: Nunca sentín un trato diferente ou desconsiderado por ser muller no meu traballo na Lonxa, a xente respectábame. Eu levaba ben as contas, tiña capacidade de decisión e sempre fun cumpridora; ademais, na Lonxa sempre estás rodeada doutras mulleres, hai moitas compradoras.... Cando me sentín máis soa foi cando no ano 1997 tivemos que facer un curso da Consellería de Pesca todas as persoas que traballabamos nas Lonxas; íamos todos os domingos a Santiago ás clases e cando rematamos e convocaron á xente que subhastaba para darnos os certificados, ese día sí que me sentín algo incómoda: eramos só dúas mulleres no medio de case cen homes.

A: ¿En que traballos do mar era normal ver mulleres na zona de Bueu?

L: Á parte de vendedoras de peixe na Praza, era doado velas cos miños, cos trasmallos, ou ben

collendo percebes na zona de Ons; mesmo coñecín dúas mulleres que andaban á ardora e a varias que ían nas dornas ás robalizas polo mar de Ons. A maioría das que andaban ao mar, eran da Illa de Ons, mulleres moi fortes e decididas.

A: ¿E que lle parecen os cambios na Lonxa co novo edificio?

L: Coa inauguración da nova Lonxa en Xuño de 1999 tiñamos maiores comodidades e mellor hixiene; unha sala de subhastas con asentos e cunha mesa central para poder ver o produto antes da poxa; almacén para poder gardar os trebellos, así como servizos para homes e mulleres. E ademais pasabamos menos frío ao poder pecharse a Lonxa, non como na vella, que estaba sempre aberta ao mar. Pero a Lonxa vella tiña un gran encanto para min, xa que ao estar situada ao lado da rampa e do peirao dos barcos, cando eu comezaba a traballar antes das oito, os mariñeiros saían ao mar e todos os días despedíanse de min; tamén me saudaba o contramaestre e algún mariñeiro que xa non ía ao mar axudábame a meter as caixas e a preparar todo para a subhasta. A Lonxa vella era moito máis familiar.

Luísa, *A Xuliana*, hoxe xa non vive nin traballa na beiramar; goza do seu merecido retiro na cima da vila de Bueu, dende onde pode ver o mar; ese mar do que viviu cáseque toda a súa familia e que ela mesma leva gardado, co orgullo de quen sabe desenvolverse nun mundo de homes, nos seus fondos ollos azuis.



A “Xuliana” Luísa, no centro coa libreta na man, na primeira subhasta da nova lonxa de Bueu. *Faro de Vigo*. 1999